



A confección deste especial sobre Lois Pereiro non sería posible sin a impagable colaboración de Xosé Manuel Pereiro quen coordinou estas páxinas. Para máis información sobre a figura de Lois Pereiro remitimos aos lectores á publicación *Lois Pereiro. Fotobiografía Sonora* editada por OUVIRMOS.

Cronobiografía

ILUSTRADA

1958

○ 16 de Febreiro nace en Monforte de Lemos.



*Lois con uns meses de idade xunto
co seu irmán Xosé Manuel.*

Foto arquivo familiar.

*Os avós paternos de Lois con Manuel Sánchez,
pai de Lois.*

Foto arquivo familiar.





Lois Pereiro, o segundo pola esquerda na segunda fila cos compañeiros de curso dos Escolapios.

Os irmáns Xosé Manuel e Lois Pereiro nunha fotografía do Colexio dos Escolapios en Monforte.

Fotos arquivo familiar.

1958-1974

A súa vida transcorre entre Monforte durante o curso escolar (Escolapios) e o Incio -primeiro na aldea de Reádegos e logo en Santa Cristina- onde pasa os veráns.



Lois de acampada entre Castro Caldelas e Valdeorras no verán do 75.

Foto arquivo familiar.

1975

Marcha para Madrid a estudar Socioloxía, carreira que abandona e volta para Monforte.



Lois con Piedad Cabo na Casa de Campo de Madrid.

Foto arquivo familiar.

1976

Novamente en Madrid matricúlase na Escola Oficial de Idiomas en francés, inglés e alemán.

1976-1981

Leva unha intensa vida cultural en Madrid. Filmes, concertos, recitais ou tertulias con xentes da mesma xeración e das mesmas inquedanzas como Manuel Rivas, Reimundo Patiño, Antón Patiño, Menchu Lamas, Fermín Bouza e un longo etc. ocupan os seus momentos de ocio.



Lois con Piedad Cabo. Madrid, 1976.

Lois en París no ano 1980.

Fotos arquivo familiar.

**1975 a 1978**

Participa activamente na creación da revista *Loia*.

Lois en Madrid con Fernando Saco, Pedro Iglesias, Piedad Cabo, Alfonso Couso, Carmen Pereiro e Xosé Manuel Pereiro no ano 1977.

Foto arquivo familiar.





[Arriba]

Con Fernando Saco en Praga no verán do 87.

Na Grand Place de Bruselas no ano 1992.

Lois coa súa nai e a súa irmá diante da igrexa de Notre Dame de París.

Fotos arquivo familiar.

Desde 1976

Viaxes frecuentes por Europa. En Francia, Alemaña, Bélxica, Irlanda ou Gran Bretaña visitou as casas nas que viviron os seus referentes literarios.



1981

Afectado pola intoxicación masiva do aceite de colza volta definitivamente para Galicia.

Lois con Mario Pontón, Pepa Vega e Manolo Raíces na feira do viño de Amandi no ano 1981.

Foto arquivo familiar.

1982

Establécese na Coruña e colabora en dobraxes para TVG. Este mesmo ano gaña o premio de Poesía O Facho.

Pergameo acreditativo do premio de poesía O Facho.



1984-1986

Durante estes anos colabora na fundación da revista *La Naval*, intervén en todo tipo de programas de TV que teñen vocación de innovar e mesmo colabora en audiovisuais de tipo experimental.



Lois con Piedad cabo na Alameda de Santiago no ano 1985.

Foto arquivo familiar.

1984 -1985

Participa nos dous libros colectivos de Edicións do Castro *De Amor e desamor*.



Lois Pereiro en Valle de Lagrimas. Curtametraxe dirixida por Demetrio Rodríguez.

Fotos arquivo familiar.



1987

Único poeta galego incluído, con Bernardo Atxaga, Luis Alberto de Cuenca e Felipe Benítez, na antoloxía de Julia Barella editada por Ántropos

Lois en Praga no verán de 1987.

Foto arquivo familiar



1992

Sae á luz o seu primeiro libro *Poemas 1981-1991* (Edicións Positivas).

Presentación de Poemas 1981-1991 en Monforte de Lemos con Xan Antón Rodríguez Vázquez e Manuel María.

Foto Jesús Rodríguez Montero



1995

Sae do prelo a seu segundo Libro *Poesía última de amor e enfermidade* (Edicións Positivas).

Presentación de Poesía Última de Amor e enfermidade 1992-1995 con Manuel María.

Foto arquivo familiar

24 de maio de 1996

Morre no Hospital Juan Canalejo da Coruña. Os seus restos repousan no cemiterio de Sta. Cristina de Viso baixo un epitafio que el mesmo propuxo no seu último poema:

*"Cuspídeme enriba cando pasedes
diante do lugar onde repouse
enviándome unha húmida mensaxe
de vida e de furia necesaria"*



*Lois Pereiro con
Manuel Rivas
o ano da súa
morte.*

Foto Vari Caramés